

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAZO DE MOS PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Pazo de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Pazo de Mos para a colaboración nos gastos de funcionamento da Fundación*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Fundación Pazo de Mos. A actividade fundamental da Fundación é a de coordinar proxectos e colaborar con programas sociais e culturais de promoción ou desenvolvemento económico, promovendo a participación, divulgación, creación e formación, xerando alianzas entre institucións e organizacións para contribuír á conservación do patrimonio, ao benestar social, á saúde e ao desenvolvemento sostible do noso planeta, esenciais para alcanzar unha sociedade próspera.



*Por todo o anterior é a Fundación Pazo de Mos a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

